



AS PALABRAS BALEIRAS

Convidámosvos a entrar nesta páxina de "Mulleres - femias, para ser exact@s-armadas de América en favor da pistola", que toda ela é un canto á vida, na que se condena o asasinato de Terry Schiavo. Se facedes clic en "Mission", veredes que o uso da armas está avalado nada máis e nada menos que polo propio Creador. É que, como dicía miña avoa, no mundo ten que haber de todo e, como digo eu, para surtido...internet.

En fin, que algúns ou algunhas xa non entendemos nada, nin sabemos que vida hai que defender. Acórdanos unha frase do actor Charlton Heston, presidente a Asociación Americana do rifle: "Só mo quitaredes, morto". Por se hai algún malpensad@, referíase ao rifle (o de disparar, eh?). A nós, femias desarmadas e confusas, ocórrensenos que de aquí podíamos sacar un tema que seguro ía ser superventas en EEUU: "ANTES MORTA QUE SEN RIFLE, QUE SEN RIFLE, QUE SEN RIFLE..."

Desarmed and desorganized and confused
Females of Ghaliza Ceibe



Palabra: sons articulados que expresan unha idea ou concepto.

Non sabemos se o noso pensamento orixinou a linguaxe ou se, pola contra, é esta o soporte do pensamento.

En todo caso, cada concepto debería aludir a unha única e precisa realidade.

O tempo, que todo o modifica, tamén o fai coas palabras. Termos en desuso como os obxectos que designaban ou pros-critos, igual cás situacións que querían ocultar, ou palabras cheas de sentido como o honor, están hoxe devaladas. Un acto espontáneo no noso século significa xusto o contrario que na época na que se admitiu no dicionario da RAE.

O libre uso da lingua parece ter tocado teito na nosa sociedade da información. As palabras viaxan a través de cables e ondas para chegar ás pantallas de plasma, titulares de periódicos, radio, folletos propagandísticos, lemas electorais..., xunto ás palabras, as imaxes, as



cores, as actitudes...

Nunca na historia do home as nosas neuronas tiveron que procesar tanta cantidade e variedade de estímulos lingüísticos.

Varios pensadores auguraron o uso e abuso de termos moi apreciados pola sociedade. PAZ, DEMOCRACIA, LIBERDADE, SOLIDARIEDADE, NATURAL, REVOLUCIÓN, DEREITOS son hoxe conceptos manoseados. Tanto desde o espazo público coma do privado, estas palabras explotáronse de tal maneira que xa carecen de significado inequívoco.

Palabrería: palabras vanas e ociosas.

Rosa Mato
Amboage. B1A